


ORQUESTRA DE **CARTÓN**



FOLLA DE RUTA

SON DE CORES



ODE 2

QUE IMOS A FACER?

Nesta segunda unidade é a quenda dos instrumentos de percusión de altura determinada (IPAD). Dedicaremos algo de tempo a coñecer os principais integrantes desta familia dentro da orquestra, e descubriremos os segredos mellor gardados sobre a composición das ondas sonoras. Ademáis, trastearemos un pouco na elaboración do noso propio instrumento reciclado... o botellófono!



QUE PRECISAMOS?

Para realizar as propostas da plataforma soamente necesitamos un equipo con conexión á rede, altofalantes para poder escoitar as actividades de audición e moito ánimo! Na actividade práctica “Mans á obra” cómpre ter a man os seguintes materiais na elaboración do botellófono:

- Botellas ou vasos de vidro (8 unidades)
- Cintas de cores ou etiquetas variadas
- Baquetas (ou paus de madeira)



